

Venres, 19 de xaneiro de 2024

Núm. 14

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****CALDAS DE REIS****Recadación**

*APROBACIÓN PADRÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DO MES DE XANEIRO  
2024*

*EDICTO DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO  
DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. MATRÍCULAS CURSO 2023/24*

En data 11 de agosto de 2023 o Alcaldía ditou a seguinte resolución:

Vista a ordenanza fiscal reguladora da taxa por ensinanzas especiais nos establecementos docentes do Concello publicada no BOP nº 110 do 11 de xuño de 2009 (modificación no BOP nº 236, do 10 de decembro de 2013).

Visto o informe emitido polo servizo, que detalla a relación de persoas usuarias, e os importes a abonar por cada unha delas en relación ao período considerado

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

**RESOLVO:**

*Primeiro.*— APROBAR O PADRÓN da taxa pola prestación do servizo da escola municipal de música correspondente a Matrículas curso 2023/24, que responde ao detalle que figura en Anexo a esta resolución.

*Segundo.*— En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, EXPOÑER AO PÚBLICO O PADRÓN APROBADO, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, POR UN PERÍODO DE 20 DÍAS dende a publicación, para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. Conforme ao disposto no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2024, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, esta publicación servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- *Prazo de ingreso:* o período voluntario de cobranza será de DOUS MESES dende a publicación do presente edicto. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.



Venres, 19 de xaneiro de 2024

Núm. 14

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario e sen máis notificacións nin requirimentos, as débedas non satisfeitas serán esixidas en vía executiva, devengándose os xuros de demora e recargas do período executivo, nos termos dos artigos 26, 28 e 62 da devandita lei, e no seu caso as costas do procedemento de prema, de acordo co preceptuado no artigo 161.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

- *Lugar de ingreso e modalidade de cobro:* Mediante domiciliación bancaria. Os recibos serán cargados dentro dos cinco primeiros días do período voluntario de cobranza.

*Terceiro.*— Contra as liquidacións, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, segundo o establecido no artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, e de acordo co disposto no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate do período de exposición pública do padrón. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

Caldas de Reis, á data da sinatura dixital.

O Alcalde.

